

A lírica galego portuguesa tamén estará presente en Internet

Un congreso de lírica medieval galego-portuguesa poderá ser seguido en Internet a partir do próximo venres, no que supón unha das primeiras experiencias de congresos virtuais que se celebran en Galicia.

“A lingua das cantigas. Congreso da lírica medieval galego-portuguesa na rede” celebrárase desde o día quince e ata o vintetrés deste mes, dividido en tres grandes seminarios: un dedicado á lingua, outro á literatura e outro a condicionantes sociais e históricos.

Para participar neste congreso virtual, organizado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, será preciso acceder ó www.Vieiros.Com/galego.Org/linguadascantigas.

O certame contará coa presenza de especialistas en lírica medieval como Xosé Ramón Pena, Ramón Lorenzo, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Ramón Freixeiro Mato, Manuel Forcadela e Antonio Américo Lindeza.

SANTIAGO

A. E.

Mos celebra o Día das Letras Galegas cun intercambio de libros e flores

A Asociación de Mulleres Rurais Val da Louriña de Mos poñerá en marcha xa por terceiro ano consecutivo a campaña *Regala un libro cunha polliña de toxo florido* no Día das Letras Galegas.

Esta iniciativa baséase nunha proposta realizada polo escritor Manuel Rivas no seu libro *Toxos e flores*. A campaña pretende inculcar-lo intercambio, entre escolares e adultos de Mos, dun libro en galego e unha polliña de toxo florido, ademais dun separador que regala a asociación coa seguinte inscrición de Rivas: *A min custoume algún traballo dicir sen respirar/ que había plantas monocotiledóneas pero non dei sabido de qué familia era./ se é que a tiña o toxo que dou-raba os montes de Galicia*. Deste xeito e segundo manifesta a Asociación de Mulleres Rurais de Mos, “flores e letras uniránse o día dezasete como detalle simbólico de amizade e de irmandade”.

SANTIAGO
Redacción

Óense as ondas do mar de Vigo

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, a editorial Galaxia “recupera para o noso país” a música e a letra das cantigas de amigo de Martín Codax, a través da reprodución facsímil do ‘Pergamiño Vindel’



Á esquerda, Xaime Nogueira, Henrique Monteagudo e Martínez Chantada en Santiago

Os coñecidos versos *Ondas do mar de Vigo/ se vistes meu amigo?/ E aí Deus! se verá cedo?* introducen o lector nun singular volume que recolle a obra de Martín Codax baixo o título de *Cantigas*. Editado por Galaxia con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, que este ano se lles dedica ós trobadores Martín Codax, Xoán de Cangas e Mendinho, *Cantigas* “recupera para o noso país” O *Pergamiño Vindel*: a creación poética de

Martín Codax, que conta co aliciente de se-lo único exemplar que se conserva de toda a lírica profana europea. O *Pergamiño Vindel* permitiu-lle ademais ó Grupo de Música Antiga de Compostela Martín Codax, a gravación dun CD que se acompaña co libro, dado que se trata da única obra do trobador galego-portugués que conserva as súas composicións musicais. O filólogo da Universidade de Santiago Henrique Monteagudo manifestou que este pergamiño

inclúe “as únicas seis cantigas de todo o cancionero medieval, composto por máis de 1.600 obras, das que temos letra e música”.

Monteagudo, autor da edición crítica da obra de Martín Codax, presentou onte en Santiago de Compostela, *Cantigas*, acompañado por Xaime Nogueira, director comercial de Galaxia e José Martínez Chantada, presidente de Bodegas Vilariño-Chantada, empresa colaboradora nesta publicación. *Cantigas* inclúe as reproduc-

cións facsímiles do Cancioneiro da Biblioteca Vaticana, do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa e de O *Pergamiño Vindel*. Este aparece mesmo pregado, xa que o orixinal do trobador galego foi atopado como forro dun códice. Así mesmo, Henrique Monteagudo integra no volume unha transcripción das cantigas de Martín Codax xunto a diversas notas e aclaracións lingüísticas.

SANTIAGO

Raquel López

A obra ‘*Cantigas*’ “rescata” un tesouro da nosa literatura, que se atopa na actualidade nunha biblioteca de Nova York

Martín Codax, segundo Monteagudo, era un autor “enormemente apreciado” pola súa calidade poética antes de que aparecese o pergamiño, sen embargo trala recuperación desta creación a súa sona aumentou. O *pergamiño Vindel* foi descuberto polo libreiro e anticuario Pedro Vindel a principios de século en Madrid. Tralo seu achado, Vindel intentou vendelo, sen embargo non logrou o seu propósito. Finalmente, o musicólogo catalán Rafael Mitjana mercouno, indo parar o texto a Suecia onde residía. Tralo seu pasamento, foi posto á venda e durante varias décadas deuse por perdido. A finais dos anos setenta, apareceu nunha poxa en Londres, ocasión que foi aproveitada pola Pierpont Morgan Library de Nova York para incluílo nos seus fondos. “Desgraciadamente” lamentou Monteagudo “o *Pergamiño Vindel* permanece en Norteamérica”, anque con esta reprodución facsímil Galicia “recupera” en certa medida un valor da súa literatura.

Humilladoiro fai con ‘Polpa’ a primeira folla voante da poesía feminina

Son mulleres e falan de revolución, algunhas tamén de ser “obscenamente libres” e todas consideran que “hoxe” herdán a terra “como un pazo” e nas súas pedras roldan polas noites á súa procura. Forman parte do colectivo coruñés Humilladoiro e onte presentaron na librería María Balteira de Santiago o segundo número de *Polpa*, unha folla voante editada polo colectivo no que unicamente se publican os textos escri-

tos polas féminas do grupo.

Humilladoiro – palabra da que xurdiu o popular término *milladoiro* – naceu hai cinco meses e desde entón, manteñen unha intensa programación de recitais periódicos ou edicións alternativas, entre as que *Polpa* ocupa o lugar das pioneiras.

Proximamente, o colectivo porá na rúa outra volanteira, de título *Alentía*, que estará aberta tanto ós seus membros masculinos como a

outros poetas non pertencentes á agrupación coruñesa.

A terceira iniciativa de Humilladoiro, segundo anunciaron os responsables do colectivo durante a presentación de *Polpa*, son uns cadernos de poesía, *Círculo polar*, que terá un formato de revista monográfica.

Ilustrada por Judas, *Polpa*, que posúe unha periodicidade cuatrimestral, apareceu por vez primeira o pasado inverno con textos de

Natalia Redondo, María Golpe, Olalla Cocña, Emma P. Lombardía, Silvia Pardo, Noelia Grandal e María Blanco.

Neste segundo número, que se abre cunha editorial sobre o feito feminino da escrita, engádense os nomes de Lucía Novas e Olga Novo. De todas elas, as vivaienses Olalla Cocña e María Golpe forman o subcolectivo *Ollo*, protagonistas do que será o número tres dos cadernos de *Círculo Polar*.

O obxectivo de Humilladoiro, subliñaron os seus membros, é levar adiante a

poesía galega, especialmente na cidade da Coruña e en Compostela.

O acto de presentación da folla voante prolongouse co recitado dalgunhas das autoras que publican os seus versos en *Polpa*: Natalia Redondo, Emma P. Lombardía e María Blanco. *Polpa* distribúese de xeito gratuito desde o apartado 15080 da Coruña e, segundo se subliña na súa mancheta, “está permitida a copia e difusión” dos seus contidos.

SANTIAGO
I. C.